

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE CULTURA

441 *Real decreto 2134/2008, do 26 de decembro, polo que se regula o procedemento para restituír a particulares os documentos incautados con motivo da Guerra Civil.*

A Lei 21/2005, do 17 de novembro, de restitución á Xeneralidade de Cataluña dos documentos incautados con motivo da Guerra Civil custodiados no Arquivo Xeral da Guerra Civil Española e de creación do Centro Documental da Memoria Histórica prevé, na súa disposición adicional primeira, que a restitución dos documentos, fondos documentais e outros efectos ás persoas naturais ou xurídicas de carácter privado poderá ser levada a cabo polo resto das comunidades autónomas que o soliciten, de acordo co procedemento que o Goberno estableza e de conformidade cos requisitos establecidos no artigo 5 da citada lei.

Este real decreto dá cumprimento á citada disposición adicional, establecendo o procedemento mediante o cal esas comunidades autónomas, logo de solicitude de participación nel, poderán levar a cabo a restitución ás persoas naturais ou xurídicas de carácter privado, ou aos seus sucesores lexítimos, daqueles documentos, fondos documentais e outros efectos que lles fosen incautados con motivo da Guerra Civil.

Para tales efectos, os interesados na restitución poderán formular a súa solicitude ante o órgano competente da comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía en que teñan a súa residencia, domicilio ou sede. Non obstante, cando o solicitante non resida ou teña a súa sede en ningunha das comunidades autónomas a que resulta de aplicación a disposición adicional primeira da Lei 21/2005, do 17 de novembro, este real decreto prevé a posibilidade, co fin de garantir a igualdade entre todos os cidadáns, de que a solicitude poida ser realizada ante o órgano competente da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía en que se producise a incautación dos documentos, fondos documentais e outros efectos.

O órgano competente para ditar resolución, logo de informe vinculante dunha comisión de expertos que valorará a solicitude, declarará a procedencia da restitución ou, en caso contrario, a súa denegación, procedéndose no primeiro suposto á restitución material dos documentos, fondos documentais ou efectos incautados.

Para a preservación do patrimonio documental español este real decreto prevé a posibilidade de que os documentos, fondos ou efectos restituídos sexan custodiados, se esta for a vontade do titular, no Centro Documental da Memoria Histórica e, en caso contrario, regula o deber de protección que comporta a restitución.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Cultura, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de decembro de 2008,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

No marco do previsto na disposición adicional primeira da Lei 21/2005, este real decreto ten por obxecto a regulación do procedemento para levar a cabo a restitución, por parte das comunidades autónomas ou cidades con estatuto de autonomía que o soliciten, ás persoas naturais ou xurídicas de carácter privado, ou aos seus lexítimos sucesores, que non estean comprendidos no número 2 do artigo 2 da Lei 21/2005, do 17 de novembro, daqueles documentos, fondos documentais e outros efectos que lles foron incautados pola Delegación do Estado para a Recuperación de Documentos e que están actualmente custodiados no Centro Documental da Memoria Histórica.

Artigo 2. *Órganos competentes para a restitución.*

1. A restitución levaraa a cabo o órgano competente da Administración da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía que solicite a súa participación, segundo o establecido no artigo 3.4, en relación coas solicitudes de restitución que realicen as persoas naturais ou xurídicas de carácter privado ou os seus lexítimos sucesores que teñan residencia, domicilio ou sede nesa comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía.

2. Cando se trate de persoas naturais ou xurídicas de carácter privado ou os seus lexítimos sucesores que non teñan residencia, domicilio ou sede en ningunha das comunidades autónomas a que resulta de aplicación a disposición adicional primeira da Lei 21/2005, será órgano competente para levar a cabo a restitución o órgano competente da Administración da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía onde tivo lugar a incautación e que solicite a súa participación, segundo o establecido no artigo 3.4.

Artigo 3. *Iniciación do procedemento. Solicitud de restitución.*

1. A solicitude de restitución poderá ser formulada polas persoas naturais ou xurídicas de carácter privado, ou os seus lexítimos sucesores, a que lles foron incautados documentos, fondos documentais e outros artigos pola Delegación do Estado para a Recuperación de Documentos.

2. A solicitude será presentada nun prazo dun ano contado desde o día seguinte á entrada en vigor deste real decreto en calquera dos lugares previstos no artigo 38. 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e dirixirse ao departamento competente en materia de cultura da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía en que resida o solicitante, no caso de persoas físicas, ou teña o seu domicilio ou sede no caso das persoas xurídicas. No caso de persoas físicas ou xurídicas que non teñan residencia, domicilio ou sede, respectivamente, en ningunha das comunidades autónomas a que se refire a disposición adicional primeira da Lei 21/2005, a solicitude de restitución dirixirse ao departamento competente en materia de cultura da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía en que tivo lugar a incautación. Xunto coa solicitude presentarse documentación acreditativa dos requisitos exixidos para a restitución conforme o establecido no artigo 4. 2.

3. Os titulares dos documentos, fondos documentais e outros efectos poderán manifestar, no momento da solicitude, a intención de que os ditos bens permanezan custodiados no Centro Documental da Memoria Histórica, mediante calquera das modalidades previstas na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

4. Transcorrido o período previsto no número 1 e durante o prazo dun mes, a comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía poderá solicitar ao Ministerio de Cultura, mediante escrito dirixido á Dirección Xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas, a súa participación no procedemento para a tramitación e resolución de todas as solicitudes de restitución que recibisen. No escrito concretaranse os órganos responsables da instrución e resolución do procedemento, ben como a relación das persoas naturais ou xurídicas que formularon solicitude de restitución. A solicitude da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía resolverase no prazo dun mes. Transcorrido este prazo sen resolución expresa do Ministerio de Cultura, entenderase que a comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía pode participar no procedemento de restitución.

5. O procedemento de restitución comezará o día seguinte ao da finalización do prazo de resolución establecido no parágrafo anterior. As comunidades autónomas ou cidades con estatuto de autonomía notificarán aos solicitantes o inicio do procedemento.

Artigo 4. *Instrución do procedemento e resolución.*

1. O órgano instrutor da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía valorará as correspondentes solicitudes de restitución. Para a valoración será asistido por unha comisión técnica que constituirá para o efecto o órgano competente para resolver.

A comisión estará formada por expertos en arquivística e dereito. Os seus membros serán designados polo órgano competente para resolver, sendo a metade deles por proposta da Dirección Xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas do Ministerio de Cultura. Esta comisión axustará o seu funcionamento ás previsións contidas no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Á vista do informe desta comisión técnica, que terá carácter vinculante, o órgano instrutor elevará proposta de resolución ao órgano competente para resolver.

As comisións técnicas constituídas nas diferentes comunidades autónomas ou cidades con estatuto de autonomía establecerán os mecanismos de coordinación necesarios para dar cumprimento ao previsto no número sétimo deste artigo.

2. Só se poderá declarar a procedencia da restitución dos documentos, fondos documentais e outros efectos se no procedemento referido nos números anteriores se cumpren os seguintes requisitos:

a) A identificación precisa dos documentos, fondos documentais e outros efectos cuxa restitución se solicita.

b) A acreditación documental, ou por calquera outro medio de proba admitido en dereito, da súa titularidade dominical no momento da incautación.

c) A acreditación documental, ou por calquera outro medio de proba admitido en dereito, da condición de sucesor lexítimo no caso de morte, declaración de falecemento ou desaparición dos titulares que sexan persoas naturais, ou de extinción no caso de persoas xurídicas.

3. O órgano competente para resolver ditará e notificará aos interesados, no prazo máximo de catro meses desde o inicio do procedemento de restitución na comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, a correspondente resolución en que acorde a restitución total ou parcial, na cal se identificarán os documentos, fondos documentais e outros efectos restituíbles ou, se for o caso, a denegación da restitución. A notificación realizarase conforme o establecido no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Se no prazo máximo previsto para resolver e notificar non se ditou resolución expresa, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude.

4. Se a resolución é estimatoria, deberá ser motivada e indicarse nela aos interesados os deberes que comporta a restitución, ben como a posibilidade de os documentos, fondos documentais e outros efectos permaneceren custodiados no Centro Documental da Memoria Histórica, mediante calquera das modalidades previstas na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

5. Se a resolución é denegatoria, deberá ser motivada, expresar os motivos de tal denegación e conter unha referencia ás vías de recurso a que se poidan acoller, se for o caso, os interesados de acordo co establecido no número 6.

6. As resolucións adoptadas porán fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas potestativamente en reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte á súa notificación, ou ben ser impugnadas directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados de igual forma, de conformidade co establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. En caso de recurso de reposición, a comisión técnica emitirá novamente informe vinculante.

7. No suposto de que exista máis dun solicitante respecto dos mesmos documentos, fondos documentais ou outros efectos, o procedemento de restitución quedará en suspenso até se acreditar acordo entre os afectados, formalizado en escritura pública, ou se presentar a correspondente resolución xudicial firme que resolva o conflito.

8. Na tramitación do procedemento, as administracións públicas garantirán o respecto á protección de datos de carácter persoal nos termos establecidos pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 5. Restitución material.

1. Unha vez que o órgano competente da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía resolverse as solicitudes presentadas no seu territorio, deberá remitir ao Ministerio de Cultura a relación dos documentos, fondos documentais e outros efectos obxecto de restitución, ben como a identificación dos seus titulares. Así mesmo, remitirá ao Ministerio de Cultura unha relación dos documentos, fondos documentais e outros efectos cuxos titulares, en uso da facultade prevista no artigo 3.2, decidisen que permanezan custodiados no Centro Documental da Memoria Histórica mediante calquera das modalidades previstas na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

O Ministerio de Cultura, á vista desta relación, trasladará á comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, no prazo de tres meses, os documentos, fondos documentais e outros efectos que se deban restituír aos seus titulares, mediante acta de entrega e recepción asinada co órgano competente da comunidade autónoma ou da cidade con estatuto de autonomía e a Dirección Xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas.

2. O órgano competente da comunidade autónoma ou da cidade con estatuto de autonomía procederá a comunicar aos lexítimos titulares o lugar e data en que se materializará a entrega dos documentos, fondos documentais e efectos no prazo dun mes desde a sinatura da acta de entrega e recepción prevista no número 1.

3. De cada acto individual de restitución quedará constancia documental mediante a correspondente acta de entrega e recepción asinada polo órgano competente da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía e o titular dos documentos entregados.

4. En todo caso, antes da saída dos documentos do Centro Documental da Memoria Histórica quedará depositada neste unha copia ou duplicado de todos os documentos cuxo custo económico será asumido pola comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía correspondente. Esta copia ou duplicado terá a consideración de copia auténtica nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Os documentos, fondos documentais e outros efectos que fosen solicitados pola comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía e non fosen restituídos aos seus titulares no prazo previsto neste real decreto, deberán ser reintegrados, no prazo de tres meses, ao Centro Documental da Memoria Histórica.

Artigo 6. Deber de protección.

A entrega dos documentos, fondos documentais e outros efectos implica a asunción por parte dos seus titulares das obrigacións de custodia, conservación, inspección, posta á disposición con fins de investigación e, se for o caso, entrega temporal para exposicións, nos termos previstos na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español ou, se for o caso, na normativa autonómica sobre patrimonio histórico-artístico.

Disposición derradeira primeira. Financiamento

A aprobación deste real decreto non suporá incremento de gasto público.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación oficial no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de decembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Cultura,
CÉSAR ANTONIO MOLINA SÁNCHEZ.